

# A MULLER NO ISLAM

NOME: \_\_\_\_\_ GRUPO: \_\_\_\_\_



## La bicicleta verde

Dirigida por Haifaa Al Mansour

### WADJDA



**Título orixinal:** *Wadjda*

**Ano:** 2012; **Duración:** 98 min.

**País:** Arabia Saudí

**Dirección:** Haifaa Al – Mansour

**Resumo:** *Wadjda ten dez anos e vive nunha sociedade tan tradicional que certas cousas como ir en bicicleta as ten totalmente prohibidas. Malia iso, é unha nena divertida e emprendedora que bordea sempre o límite entre o autorizado e o prohibido. Wadjda desexa ter unha bicicleta para poder competir co seu amigo Abdullah nunha carreira, pero a súa nai non llo permite porque as bicicletas son un perigo para a dignidade dunha chica.*

### CUESTIÓNES:

- 1) Por que a profesora lle chama a atención a unhas alumnas por rir?
- 2) Que pretende a nai de Wadjda ao comprar o vestido vermello?
- 3) Cal é o motivo principal que alega o pai para querer casarse outra vez?
- 4) Por que á nai de Wadjda lle parece mal o traballo da amiga no hospital?
- 5) Por que algunhas nenas non poden tocar o Corán ou deben facelo cun pano?
- 6) Que fai Wadjda coa árbore xenealóxica do pai? Que nomes se inclúen nel?
- 7) Unha das compañeiras de clase casa cun chico de 20 anos. Que che parece?
- 8) Que leva a Wadjda a estudar o Corán para o concurso? Que pasa co premio?
- 9) Señala comportamentos que che parezan propios dunha sociedade machista.
- 10) Que che parece como viven as protagonistas da película? Fai un comentario crítico no que trates aspectos como o Islam, as diferenzas entre sexos, etc.